

## PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN TABOLEIRO DE ANUNCIOS DO CONCELLO DE CARBALLO

Ponse en coñecemento dos posibles interesados que a Alcaldía/Presidencia desta Entidade Local, en data 13-11-2023, ditou a resolución con número 3148/2023 que deseguido se transcribe:

### RESOLUCIÓN

**Aprobación da Listaxe Definitiva de persoas admitidas e excluídas, nomeamento do tribunal cualificador e datas da fase de concurso-oposición, do proceso selectivo para a contratación dun/ha docente para impartir a acción formativa “COCIÑA”, correspondente ao Plan Formativo para o Emprego da Comunidade Autónoma de Galicia para os exercicios 2023 e 2024.**

#### Antecedentes.

**Primeiro.-** Por Resolución de Alcaldía núm. 2879/2023 de data 16/10/2023, aprobáronse as Bases e a convocatoria para a selección de persoal docente, mediante o sistema de concurso oposición, para a contratación de duración determinada (contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral) e a tempo parcial (6 horas/día) dun/ha docente para impartir a acción formativa, denominada “**COCIÑA**”, correspondente ao Plan Formativo para o Emprego da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023 e 2024.

De conformidade co disposto na base Terceira das bases reguladoras da convocatoria, o prazo de presentación de instancias foi de cinco (5) días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña. Publicouse no BOP de A Coruña núm. 201 de 20/10/2023.

**Segundo.-** Por Resolución da Alcaldía núm. 3099/2023 de 7 de novembro de 2023 aprobase a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo antedito, publicado no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carballo e, de forma supletoria, na páxina web municipal. De conformidade co disposto na base Cuarta das bases reguladoras da convocatoria, o prazo de presentación de emendas foi de tres (3) días hábiles seguintes á publicación da antedita resolución.

**Terceiro.-** Rematado o prazo regulamentario para a presentación de emendas á listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo, examinada a documentación que acompaña ao expediente, de conformidade co establecido na Base Cuarta (*Admisión de aspirantes*) e na base Quinta (*Composición da comisión da avaliación*) da convocatoria, e de de acordo coas atribucións que confire á Alcaldía o art. 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local,

#### **RESOLVO:**

**Primeiro.-** Aprobar a **Listaxe definitiva** de aspirantes admitidos/as e excluídos/as, no proceso de selección de persoal docente mediante o sistema de concurso-oposición libre para a contratación de duración determinada e a tempo parcial (6 horas/día), dun/ha docente para impartir a acción formativa “**Cociña**” (*Código: 2023/004695; Especialidade:HOTR0408*).

Os aspirantes admitidos/as e excluídos/as son os relacionados no **Anexo I**.

**Segundo.-** Designar a Comisión da Avaliación prevista na Base 5ª da convocatoria (*Composición da comisión da avaliación*) que estará composto polos seguintes membros:

#### **Presidente:**

- Titular: **Dª. Carmen Del Río Rodríguez**, técnica de administración do concello de Carballo.  
Suplente: **D. José Facal Fariña**, enxeñeiro técnico industrial do concello de Carballo.

### Vogais:

- Titular 1º: **D. Juan José Lorenzo Pose**, xefe de area de formación e emprego do concello de Carballo.  
Suplente 1º: D. **Carlos Collazo Martínez**, técnico superior de administración especial do concello de Carballo.
- Titular 2º: Dª. **Ana Carmen Jiménez Mosquera**, axente desenvolvemento local do concello de Laracha.  
Suplente 2º: D **Francisco Javier Fraga Piñeiro**, xefe de servizo de habilitación e recadación.
- Titular 3º: Dª. **Lorena Castrillón Manso**, enxeñeira técnica do concello de Carballo.  
Suplente 3º: D. **Jesús Gende Gerpe**, aparellador do concello de Carballo.

### Secretaria/o:

- Titular 3º: D. **Vítor Recarei Añón**, administrativo do concello de Carballo.  
Suplente 3º: Dª. **Mª Luz Fernández Sandá**, administrativa do concello de Carballo.

Os membros do tribunal cualificador poderán ser recusados nos termos establecidos polos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.

**Terceiro.-** De acordo coa base 5.4 da convocatoria, nomear como asesora do tribunal que actuará con voz e sen voto, a Dª. **Milagros Antelo Cameán**, técnica de orientación laboral do concello de Carballo.

**Cuarto.-** Convocar a todos os membros da comisión da avaliación para a **constitución do tribunal** e realización da **valoración de méritos da fase de concurso** que terá lugar o **martes 14 de novembro de 2023 as 9:00 h.** no Salón de Plenos do concello de Carballo (Praza do Concello, S/N. 15100 Carballo).

Convocar aos aspirantes admitidos/as para a celebración do **primeiro exercicio da fase de oposición** que terá lugar o **martes 14 de novembro de 2023 as 10:30 h.** no Salón de Plenos do concello de Carballo (Praza do Concello, S/N. 15100 Carballo).

Non será preciso a celebración do segundo exercicio da fase de oposición, avaliación do coñecemento da lingua galega, dado que tódolos/as aspirantes teñen acreditado estar en posesión do nivel de coñecemento de galego requirido segundo a Base terceira apartado 7 (*CELGA 3 ou equivalente*).

**Quinto.-** Expoñer esta resolución no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello ([www.sede.carballo.gal](http://www.sede.carballo.gal)), e con carácter complementario na páxina web municipal [www.carballo.org](http://www.carballo.org).

## ANEXO I.

**Listaxe definitiva de Admitidos/as do proceso de selección de persoal docente, mediante o sistema de concurso-oposición libre, para impartir a acción formativa "COCIÑA" correspondente ao Plan formativo para o emprego da Comunidade Autónoma de Galicia para os exercicios 2023 e 2024.**

Nº	APELIDOS	NOME	DNI
1	MENDEZ ALVAREZ	JOSE JAVIER	***5765**
2	NAJERA DEL PINO	JAVIER	***9998**
3	RAMOS GALLEGO	FRANCISCO	***3450**
4	TRIGO OSINDE	MARIA BELEN	***2157**

**Listaxe definitiva de Excluídos/as do proceso de selección de persoal docente, mediante o sistema de concurso-oposición libre, para impartir a acción formativa "COCIÑA" correspondente ao Plan formativo para o emprego da Comunidade Autónoma de Galicia para os exercicios 2023 e 2024.**

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	CAUSAS EXCLUSION	OBSERVACIÓNS
1	BARREIRO MALDONADO	FRANCISCO JAVIER	***7074**	(1)	(a)
2	GOÑEZ SILVA	RAUL	***3542**	(2) ; (3)	

### Causas de exclusión:

(1) Non achega o xustificante acreditado do ingreso en concepto de dereitos de exame. (A ausencia do abono dos dereitos de exame, dentro do prazo de presentación de instancias, determinará a exclusión do/a aspirante e non poderá ser obxecto de subsanación).

(2) Non acredita a capacidade profesional.

(3) Non acredita a capacidade docente.

### Observacións:

(a) Non achega informe de vida laboral actualizado.

Asinado dixitalmente na data que figura na marxe.

Alcalde

Secretario

Evencio Ferrero Rodríguez

Miguel Piñeiro Souto

-----  
Esta publicación serve como notificación aos posibles interesados, en cumprimento do establecido no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e de conformidade co establecido no artigo 194 do RD 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Documento asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Secretario

Miguel Piñeiro Souto